



DOCUMENTOS

UN PRIMEIRO BALANCE LABORAL DE TRES MESES DE GOBERNO DE RAJOY OS RECORTES E A REFORMA LABORAL, LETAIS PARA O EMPREGO

gabinete económico do s. n. de ccoo de galicia

n.º 149 / maio de 2012

© Documento do Gabinete Económico do S.N. de CCOO de Galicia
N.º 149 / Maio de 2012



ÍNDICE

Introdución	5
1. A evolución do emprego	6
2. A evolución do emprego asalariado	8
3. A estabilidade no emprego	9
4. A evolución do paro rexistrado	10
5. A evolución da contratación.....	12
6. Os expedientes de regulación de emprego	14
7. Síntese final	15

INTRODUCCIÓN

O Partido Popular gañou as eleccións o 20 de novembro de 2011, co país inmerso nunha grave crise económica e, sobre todo, de emprego.

Sen dúbida, esa situación económica foi determinante no resultado electoral porque o goberno de Zapatero, como todos os que realizaron eleccións neste período, foi abatido por unha crise durísima que non deu gobernado.

O día 20 de decembro, Mariano Rajoy foi investido polo Parlamento como novo presidente de goberno e na súa investidura reforzou as mensaxes do Partido Popular na campaña electoral: a súa prioridade era a recuperación económica e, xa que logo, a creación de emprego.

Desde ese compromiso pasaron varios meses e xa se coñecen os primeiros datos de como evolucionou o mercado de traballo nese período.

Obviamente, cen días non é tempo abondo para realizar un balance pechado da acción de goberno do que se poidan tirar conclusións definitivas; para iso haberá que esperar algo máis.

Pero si que se pode —en realidade, débese— coñecer como evoluciona o mercado de traballo en resposta ás decisións en materia de política económica e laboral que xa tomou o Goberno. Porque, sen ter carácter concluínte ou definitivo, é posible colixir as tendencias previsibles no medio prazo.

Hai que recordar aquí que o Goberno adoptou un conxunto de medidas económicas e laborais moi contundentes, desde as fiscais ás orzamentarias, pasando por unha reforma laboral de gran calado imposta por decreto e que recibiu o apoio da patronal e o rexeitamento dos sindicatos.

Nas páxinas seguintes estudamos como funciona o mercado de traballo en Galicia desde que Rajoy é presidente. Utilizando as fontes oficiais dispoñibles, analizamos a evolución do emprego, do paro, da precariedade laboral, da contratación e dos expedientes de regulación de emprego.

O período de referencia é o primeiro trimestre de 2012, e para establecer as comparacións utilizamos o mesmo período do ano anterior, co fin de evitar as distorsións derivadas da estacionalidade.

1. A EVOLUCIÓN DO EMPREGO

Como se dixo, a creación de emprego é o primeiro compromiso do Goberno, o obxectivo formal da súa política económica, o teórico centro da súa reforma laboral.

O PP díxoo na campaña, e Rajoy comprometeuse na investidura: o obxectivo do Goberno é crear emprego, aplicando a política económica e laboral axeitada para alcanzar este obxectivo. De feito, ao argumentar a dureza da reforma laboral imposta, o Goberno dixo que eran sacrificios necesarios para cambiar a tendencia do emprego.

E, con todo, a realidade no primeiro trimestre do ano desmente de plano estas afirmacións.

Cadro 1. EVOLUCIÓN DO EMPREGO

	TOTAL	HOMES	MULLERES
IV trimestre 2011	1.072.900	574.100	498.900
I trimestre 2012	1.050.500	560.100	490.300
Variación	-22.400	-14.000	-8.500
% Variación	-2,1 %	-2,4 %	-1,7 %

A EPA do primeiro trimestre de 2012 dá un dato demoledor: nos tres primeiros meses do ano, primeiro trimestre do Goberno de Rajoy, en Galicia destruíronse 22.400 empregos. Esta cifra expresada en porcentaxe equivale a unha caída superior ao 2 % nun só trimestre, o que anticipa que en 2012 pódese producir unha auténtica desfeita no emprego.

Para avaliar mellor este dato, cómpre saber que no mesmo período do ano anterior —primeiro trimestre de 2011—, perdéranse 12.400 empregos, polo que a porcentaxe de destrución emprego foi do 1,1 %.

Isto é, no primeiro trimestre completo de Rajoy como presidente, o ritmo de destrución de emprego é o dobre do que había un ano antes.

Aínda non existe información suficiente para desentrañar as causas desta desmedida deterioración, pero pódense sinalar dúas fundamentais: a recesión da economía e a reforma laboral.

No primeiro trimestre do ano 2011, a economía galega creceu un cativo 0,4 %, o mesmo que a media española, mentres que en 2012 o PIB reduciuse un -0,3 %. É dicir, a economía pasou dun leve crecemento en 2011 a volver caer na recesión en 2012.

Isto significa que as políticas de recorte —falsamente chamadas de austeridade—, as restricións no gasto e o investimento deprimiron a actividade e provocaron unha segunda recesión. E sempre, en Galicia e en España, a recesión trasládase a unha intensa destrución de postos de traballo.

Daquela, as expectativas do emprego para 2012 son moi negativas. No que queda de ano, a caída do PIB vaise agravar ata o -1,7 %, segundo a previsión do propio Goberno, que se traduce nunha caída do emprego do -3,7 % segundo a estimación oficial recollida no Programa de Estabilidade 2012-2015 elaborado polo Goberno de Rajoy. Isto significa 650.000 empregos destruídos en 2012, dos que 36.000 lle corresponden a Galicia nunha distribución proporcional ao peso relativo da nosa comunidade.

Polo tanto, se non hai un cambio na política económica e non se impulsa o crecemento, xa sabemos que en 2012, por cuarto ano consecutivo, se destruírá emprego en Galicia e en España.

Mesmo o dato do primeiro trimestre, eses 22.400 empregos perdidos, anticipa uns resultados aínda peores ca as estimacións do Goberno, co risco de que cheguen a ser 50.000.

Hai que recordar que nos catro anos de crise se destruíron xa en Galicia 140.000 empregos, o 12 % dos que había no primeiro trimestre de 2008.

2. A EVOLUCIÓN DO EMPREGO ASALARIADO

A destrución de emprego é consecuencia da recesión económica e, polo tanto, vén provocada en parte pola política económica do Goberno, que aplica a machada a estratexia da austeridade vinda desde Berlín e Frankfurt.

Pero, ademais, a reforma laboral, responsabilidade exclusiva de Rajoy, tamén contribúe poderosamente á destrución de postos de traballo.

En Galicia, no primeiro trimestre de 2012, onde máis se destrúe é entre os traballadores asalariados do sector privado, que son, precisamente, os máis directamente afectados pola reforma laboral que abarata e facilita o despedimento: nos tres primeiros meses de Goberno de Rajoy, pérdense 25.100 postos de traballo, o que equivale a unha caída do 4 % nun só trimestre.

Cadro 2. ASALARIADOS SECTOR PÚBLICO E SECTOR PRIVADO

	PRIVADO	PÚBLICO	TOTAL
IV trimestre 2011	642.500	198.400	840.900
I trimestre 2012	617.400	199.000	817.300
Diferenza	-25.100	600	-23.600
% Variación	-3,9 %	0,3 %	-2,8 %

Más aínda, como o número de asalariados do sector privado se reduce máis que a cifra total, a conclusión é evidente: todo o axuste do emprego se concentra entre as persoas máis afectadas pola reforma laboral.

Aquí tamén a comparación co que sucedía o ano anterior demostra que as cousas non van ben co cambio de goberno.

No primeiro trimestre de 2011, o emprego asalariado caeu en algo menos de 8.000 persoas, mentres que o emprego asalariado privado fíxoo en 7.000.

Isto é, en 2012, con Rajoy de presidente e coa reforma laboral en marcha, o emprego total reduciuse o dobre que en 2011: o 2,4 % fronte ao 1,1 %;

mentres que o emprego asalariado diminúe tres veces máis: o 2,8 % fronte ao 0,9 %, chegando ata case catro veces máis entre os asalariados do sector privado que caen o 3,9 % fronte ao 1 % de hai un ano.

É certo que un trimestre non é tempo suficiente para avaliar un cambio tan radical do mercado laboral provocado pola reforma. Pero tamén o é que neste trimestre os primeiros datos sinalan que aínda que é a recesión a que tira cara abaixo da ocupación, os máis afectados pola reforma son os que máis a sofren.

En Galicia mantívose estable o número de asalariados do sector público e aumentou un 2,1 % o número de autónomos, mentres que os asalariados privados caen ese 3,9 % antes citado.

3. A ESTABILIDADE NO EMPREGO

A crise económica golpea os traballadores e traballadoras en xeral; bate con máis intensidade nos do sector privado pero, sobre todo, é demoledora cos traballadores máis precarios.

As empresas galegas, coma as do resto de España, utilizaron a elevadísima precariedade laboral para axustar os seus cadros de persoal desfácendose dos seus traballos temporais. Era así antes da reforma de 2010, foino logo e séguese sendo agora coa reforma laboral de Rajoy.

No primeiro trimestre de 2012 son de novo os asalariados con contrato temporal os que máis sofren a caída do emprego.

Cadro 3. EVOLUCIÓN DO EMPREGO ASALARIADO

	TOTAL	INDEFINIDO	TEMPORAL
IV trimestre 2011	840.900	634.000	206.900
I trimestre 2012	817.300	630.700	186.600
Variación	-23.600	-3.200	-20.300
% Variación	-2,8 %	-0,5 %	-9,8 %

Nos tres primeiros meses do ano, os cen primeiros días do Goberno de Rajoy e mes e medio coa reforma en vigor, o número de traballadores e traballadoras con contrato temporal caeu en máis de 20.000.

A crise e a reforma están sendo especialmente daniñas para estes traballadores, porque son o 20 % do total dos ocupados e soportan o 91 % de todo o axuste do emprego.

Dito doutra forma, en Galicia os traballadores e as traballadoras con contrato eventual son un de cada cinco ocupados; pero no trimestre, nove de cada dez empregos perdidos ocupábanos persoas con contrato temporal.

O custo da reforma foi tremendo para os precarios, porque en só tres meses a perda de emprego que sufriron foi do 10 %, ou o que é o mesmo, 10 de cada 100 temporais perderon o seu emprego no primeiro trimestre de Rajoy como presidente.

Esta cifra desmente de forma radical o falso discurso de estabilidade laboral, de defensa dos débiles, de protección dos precarios en que o Partido Popular envolveu a súa reforma laboral. Os máis precarios son os que seguen pagando a crise cos seus empregos, e mesmo neste último trimestre de forma máis intensa.

4. A EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO

Unha das consecuencias máis dolorosas e daniñas da política económica do Goberno e da súa política laboral —isto é, dos recortes e a perda de dereitos laborais— é o imparable aumento do desemprego.

Fronte ao discurso demagórico do PP presentándose na oposición como o partido dos parados e a falsidade de tentar xustificar a súa reforma laboral como unha oportunidade de emprego aos parados e paradas, a realidade é que no seu primeiro trimestre de goberno o paro creceu máis ca nunca.

Tanto creceu, que Galicia, en marzo de 2012, alcanzou a cifra de paro máis alta de toda a nosa historia. Nunca no noso país houbo tantos desempregados.

Cadro 4. PARO REXISTRADO

	TOTAL	HOMES	MULLERES
IV trimestre 2011	258.234	125.775	132.459
I trimestre 2012	276.795	134.452	142.343
Diferenza	18.561	8.677	9.884
% Diferenza	-7,2 %	6,9 %	7,4 %

Nestes tres meses de Goberno do PP, o paro aumentou en Galicia en 18.561 persoas ata alcanzar a terrible marca negativa de 276.795 persoas nas listas do paro. En só un trimestre, esta longuísim ringleira do paro medrou máis do 7%, afectando de xeito similar a homes e mulleres.

E esta cifra tan elevada contabiliza só as persoas que se consideran oficialmente paradas, porque hai moitas máis inscritas nas oficinas. No mes de marzo, no Servizo Galego de Emprego había inscritas 352.773 persoas que buscaban emprego. Como algunhas teñen unha dispoñibilidade limitada por diferentes razóns, non son consideradas desempregadas, pero esa cifra, máis de 350.000 persoas son demandantes de emprego rexistradas nas oficinas públicas.

O paro é unha ferida social moi dolorosa que non para de expandirse. Levamos xa catro anos vendo como mes a mes a ringleira do paro se alonga. Os 276.795 galegos e galegas que están hoxe nesa fila é, como se dixo, unha cifra xamais coñecida antes na nosa historia.

Hoxe somos 18.500 galegos e galegas máis en paro que hai tres meses, 28.000 máis que hai un ano e 120.000 máis que en marzo de 2008, cando a crise empezou a mandar xente ao paro.

Unha ferida que se expande a unha velocidade cada vez maior. Hai dous anos, no primeiro trimestre de 2010, o desemprego incrementouse en 13.600 persoas. Agora, en 2012, a cifra dispárase ata os case 19.000.

En 2012 volvemos, polo tanto, aos peores momentos da crise, a 2009, cando a aguda recesión da economía europea, española e galega provocou un aumento do paro de 21.000 persoas.

Os datos de 2012 son moi malos, sitúannos de novo nunha dinámica moi negativa porque a recaída nunha segunda recesión económica pódenos levar ata as 300.000 persoas desempregadas neste mesmo ano.

Estes datos tan nefastos, tanto en cifras absolutas como nos ritmos de crecemento, demostran que a reforma laboral non serve para crear emprego nin, polo tanto, para reducir o insoportable nivel de paro.

Pola contra, en termos de paro este trimestre é o segundo peor no que levamos de crise e demostra a falsidade do argumento do PP de que a súa reforma serviría para dar oportunidades de emprego. A realidade demostra que está ocorrendo todo o contrario.

5. A EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN

Un dos obxectivos declarados na reforma laboral do 12 de febreiro de 2012 é potenciar a contratación e, en especial, a de carácter indefinido.

No discurso falaz que acompañou a reforma, o PP argumentou que en España había un exceso de contratación temporal, tanto nas figuras contractuais como no seu uso, e afirmaba a necesidade de fomentar a contratación indefinida e reducir a temporal.

Na propia reforma empezouse a ver a falsidade deste discurso, porque non desapareceu nin unha das figuras contractuais temporais e porque se modificou negativamente a contratación indefinida, coa desaparición do contrato indefinido con indemnización de 45 días por ano nos despedimentos improcedentes e a creación dunha nova figura chamada «indefinida» pero cun período de proba dun ano.

Esta modalidade contractual, denominada «contrato de emprendedores», é a figura clave da reforma porque o Goberno e a patronal pretenden xeneralizar a súa utilización para contabilizar como contratación estable o que en realidade é a precariedade extrema do despedimento libre e gratuíto durante un ano.

Porén, e de forma sorprendente, nas estatísticas que o ministerio fai públicas, a contratación indefinida aparece agrupada nun único dato, de xeito que se oculta a sabendas a información de como está a evolucionar o contrato estrela da reforma.

Con todo, e malia esta ocultación, inaceptable desde o respecto á transparencia, o resultado na contratación é moi malo.

Cadro 5. CONTRATACIÓN

	I TRIMESTRE 2012	I TRIMESTRE 2011	%
Indefinido	6.896	7.839	-12,0 %
Temporal	122.860	134.589	-8,0 %
Total contratación	129.756	142.428	-9,0 %
% Indefinidos	5,3 %	5,5 %	

No primeiro trimestre de 2012 formalizáronse en Galicia 129.756 contratos de traballo nas oficinas do Servizo Galego de Emprego, unha cifra que outra vez sinala o exceso de contratación porque, de se manter o ritmo, o ano pecharíase con máis de 600.000 contratos rexistrados.

Aínda así, nótanse os efectos da recesión económica en que o número de contratos nos tres primeiros meses de 2012 é sensiblemente inferior ao de 2011: de xaneiro a marzo concertáronse un 9% menos contratos que o ano anterior.

O que non se nota é a reforma. Ou, por mellor dicir, os efectos positivos da reforma para potenciar a utilización de contratos indefinidos. Porque os contratos que máis caen son, precisamente, os indefinidos que se reducen o 12% con relación ao ano 2011, convertéronse practicamente en irrelevantes en termos cuantitativos.

Se en tres meses se formalizaron case 130.000 contratos, os de indefinidos foron só 6.896, que apenas supoñen o 5,3% do total.

Unha idea do fracaso da reforma para potenciar a estabilidade e reducir a precariedade é que en 2012 tanto o número absoluto como o peso relativo dos contratos indefinidos é aínda máis baixo que en 2011. E iso, a pesar de incluír entre os contratos indefinidos o contrato de emprendedores, unha

figura que, amais de ser de dubidosa constitucionalidade, en ningún caso se podería aceptar como un contrato estable dado o seu excesivo período de proba.

En calquera caso, como todo o mundo sabía, a reforma non serve para crear emprego, pero agora tamén empezamos a saber que tampouco é útil para reducir a temporalidade, o abuso da contratación temporal, a rotación e a precariedade contractual.

6. OS EXPEDIENTES DE REGULACIÓN DE EMPREGO

A volta á recesión por mor da política de recortes de Rajoy e a reforma laboral supuxo un elevado incremento dos expedientes de regulación de emprego (ERE).

A reforma laboral introduciu un cambio radical nos expedientes de regulación ao eliminar a necesaria autorización administrativa previa e deixar nas mans do empresario a decisión final de aplicar un ERE en calquera das súas medidas posibles, desde a suspensión á rescisión, pasando pola redución de xornada.

A combinación destes dous factores, menos actividade económica e decisión unilateral do empresario, supuxo un incremento notable dos traballadores e traballadoras galegos afectados por ERE.

Cadro 6. TRABALLADORES E TRABALLADORAS AFECTADOS POR ERE

MEDIDA	XAN./MAR. 2012	XAN./MAR. 2011	%
Suspensión	3.645	3.452	6,0 %
Redución xornada	1.482	798	86,0 %
Rescisión	778	588	32,0 %
Total	5.905	4.838	22,0 %

No primeiro trimestre de 2012 foron 5.905 as persoas incluídas en expedientes de regulación, unha cifra que supón un 22% máis que no mesmo período do ano anterior.

Máis afectados e, sobre todo, máis despedidos. Porque malia as intencións formais da reforma e das declaracións dalgúns membros do Goberno, a reforma da norma está provocando que os despedimentos colectivos se incrementen de forma desmedida.

No primeiro trimestre de 2012 foron 778 os despedimentos mediante un ERE, que equivalen a un incremento do 32% con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Este dato refuta por si mesmo a propaganda sobre a reforma e, máis alá, a política económica e de emprego do PP. Nos seus primeiros cen días de Goberno, os despedimentos colectivos crecen de xeito desorbitado, o 32%, como demostración da falsidade de que a reforma pretendía facer da rescisión do contrato a última medida.

A progresión de traballadores e traballadoras afectados por ERE así o demostra. Mentres que os expedientes de suspensión se incrementan nun 6%, os de despedimento fano cinco veces máis co 32% xa citado.

7. SÍNTESE FINAL

Pasaron xa os primeiros cen días de Goberno de Rajoy, que de maneira insólita exhibe os méritos do que el chama «reformas», pero que en realidade son recortes, tanto de dereitos como de gasto e investimento.

Por iso, e aínda sabendo que non pode ser un balance no sentido completo do termo, si se pode e se debe ir coñecendo cales son as repercusións no emprego das decisións que o Goberno vai tomando.

Isto é o que se fixo nas páxinas anteriores, analizar as variables básicas do mercado de traballo en Galicia, o que permite sintetizar agora os durísimos e negativos efectos que está a ter a combinación de política restritiva e reforma laboral.

- **Menos emprego:** No primeiro trimestre de 2012 destruíronse 20.200 empregos en Galicia, a un ritmo do -2,1%, o que nos coloca nunha

situación similar aos momentos máis duros da recesión de 2008/2009.

- **Menos emprego asalariado:** Son os traballadores e traballadoras asalariados, en especial do sector privado, os que sufriron todo o axuste do emprego nos primeiros cen días de Rajoy. Todo o emprego destruído neste tempo estaba ocupado por traballadores por conta allea, os máis afectados pola reforma laboral.
- **Os asalariados con contrato temporal son as principais vítimas:** No primeiro trimestre de 2012, o número de ocupados con contrato temporal reduciuse en máis de 20.000; daquela, nos cen días de Rajoy perdéronse 10 de cada 100 empregos ocupados por temporais, que son os que seguen pagando o prezo máis alto pola crise.
- **Máis parados e paradas ca nunca:** As 276.795 persoas en paro en marzo de 2012 é o peor dato en toda a nosa historia porque nunca antes se acadara esa cifra enorme de desemprego. Un drama que non deixa de medrar porque coa reforma o desemprego incrementouse en 18.561 persoas, unha suba de máis do 7% nestes cen días.
- **Máis contratación precaria:** No primeiro trimestre do ano, a contratación indefinida reduciuse nun 12% en comparación con 2011, e xa é practicamente marxinal, porque só 5 de cada 100 contratos rexistrados son estables.
- **Máis ERE, en especial de rescisión:** O número de traballadores e traballadoras afectados por ERE incrementouse nun 22% en comparación co ano anterior e, o que é aínda moito peor, os afectados polos despedimentos incrementáronse o 32%.

En calquera caso, estes cen días de Goberno de Rajoy incidiron moi negativamente nunha situación do mercado laboral que xa era moi mala en Galicia nos últimos tres anos. Desde que Núñez Feijóo é presidente de Galicia, a combinación da crise económica xeral, a política de recortes e axustes, a restrición orzamentaria e a política de emprego carrexaron consecuencias moi negativas para o emprego en Galicia. Neste tempo desapareceron en Galicia máis de 118.000 postos de traballo, o que significa a perda dun de



cada dez dos que había, e o paro aumentou en 65.316 persoas, un incremento do 33%. Esta evolución tan negativa vese agravada agora coa política de Rajoy.

ÚLTIMAS PUBLICACIONES DO GABINETE ECONÓMICO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

132. *Impacto das enfermidades profesionais en Galicia*. Abril de 2010
133. *Aproximación dos custos económicos da sinistralidade laboral en Galicia*. Maio de 2010
134. *As repercusións da crise económica no mercado laboral II*. Maio de 2010
135. *O despedimento en Galicia: unha análise da serie histórica 200/2009*. Xuño de 2010
136. *As repercusións da crise económica no mercado laboral III*. Agosto de 2010
137. *O déficit público español en perspectiva europea: un problema de ingresos*. Novembro de 2010
138. *Os orzamentos xerais do estado 2011 e a súa repercusión en Galicia*. Novembro de 2010
139. *As pensións contributivas en Galicia*. Febreiro de 2011
140. *As repercusións da crise económica no mercado laboral IV*. Febreiro de 2011
141. *O mercado laboral galego desde unha perspectiva de xénero*. Marzo de 2011
142. *Balance dos resultados da reforma laboral en Galicia*. Abril de 2011
143. *Aproximación aos custos económicos da sinistralidade laboral en Galicia*. Abril de 2011
144. *Balance dos resultados da reforma laboral en Galicia*. Setembro de 2011
145. *Balance dos resultados da reforma laboral en Galicia*. Febreiro de 2012
146. *A realidade das mulleres en Galicia: o emprego, o salario e a pensión*. Marzo de 2012
147. *A crise do emprego unha análise da EPA en Galicia*. Abril de 2012
148. *A sinistralidade laboral en Galicia*. Abril de 2012